



Concello da Coruña

**EXPEDIENTE M1/2025 DE RECOÑECEMENTOS
EXTRAXUDICIAIS DE OBRIGAS, DE CONCESIÓN DE
CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS, SUPLEMENTOS DE
CRÉDITO E MODIFICACIÓN DO ANEXO DE
INVESTIMENTOS DO ORZAMENTO 2025**



Concello da Coruña

Área / Unidad PRESUPUESTOS Y ESTUDIOS ECONOMICOS SH0000	Documento 36E19I00DH	
Código de verificación 	Expediente 36E/2025/13	
3P69 0P5R 2W3U 1J5N 097Q	Fecha 18-06-2025	

Expediente M1/2025 de recoñecementos extraxudiciais de obrigas, de concesión de suplementos de crédito, créditos extraordinario se modificación do Anexo de Investimentos do Orzamento2025

MEMORIA DE ALCALDIA

I.- Sométese á aprobación da Xunta de Goberno Local, para o seu posterior sometemento ao Pleno da Corporación Municipal, o presente expediente que ten por finalidade a modificación do orzamento de 2025, para conceder créditos extraordinarios, suplementos de crédito e modificación do Anexo de Investimentos, necesarios para atender obrigas recoñecidas e actuacións de interese público que non admiten demora e para os cales non existe crédito no orzamento vixente.

É competencia da Xunta de Goberno Local a aprobación do proxecto de modificación orzamentaria en virtude do sinalado no artigo 127.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), en relación co artigo 179 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e a Base de Execución número 7 das do Orzamento do Concello. Será sometido á aprobación do Pleno da Corporación.

Na actualidade, a Lei reguladora de bases de réxime local, o Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (LRFL) e o Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da LRFL, establecen a normativa á que se deberán axustar as Corporacións Locais nos expedientes de concesión de créditos extraordinarios.

II.- Os créditos extraordinarios e suplementos de crédito están destinados ao cumprimento de obrigas legais, así como outras actuacións de interese público que non admiten demora no tempo.



Concello da Coruña

Os créditos extraordinarios e suplementos de crédito deste modificativo están destinados a:

- Crédito extraordinario de 4.052.949,87 € para facer fronte ás facturas pendentes da Compañía de Tranvías correspondentes aos meses de outubro e novembro de 2024.
- Crédito extraordinario de 9.857,11 € para o recoñecemento de obrigas con comunidades de propietarios de vivendas municipais, correspondentes aos exercicios 2022 e 2023.
- Suplemento de crédito de 324.532,72 € para completar o financiamento do proxecto nº 18 do Anexo de Investimentos, “Vehículo de descontaminación con equipamiento”, financiado con contribucións especiais recadadas en 2024.

III.- O financiamento dos créditos extraordinarios e suplementos de crédito prodúcese integramente con cargo ao remanente líquido de tesourería da liquidación do exercicio 2024:

- 4.062.806,98 € do remanente para gastos xerais.
- 324.532,72 € do remanente con financiamento afectada, procedente de contribucións especiais recadadas en 2024

IV.- Nas listaxes que acompañan as propostas aparecen as finalidades específicas das modificacións que se propoñen, todas elas de marcado interese público ás que se debe dar unha resposta áxil e coa maior eficacia posible.

V.- No expediente consta a xustificación das propostas efectuadas polos servizos xestores para a tramitación deste expediente M1/2025, así como o informe proposta do Servizo de Orzamentos e Estudos Económicos.

VI.- Por iso, procede aprobar o proxecto de expediente de modificación do Orzamento de 2025 (M1/2025), para a súa posterior aprobación polo Pleno Municipal.

O expediente resúmese a continuación:

INCREMENTOS NO ESTADO DE GASTOS

I	CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS	4.062.806,98
II	SUPLEMENTOS DE CRÉDITO	324.532,72
TOTAL INCREMENTO NO ESTADO DE GASTOS		4.387.339,70



Concello da Coruña

INCREMENTOS NO ESTADO DE INGRESOS

I	RLTGX	4.062.806,98
II	RLTGFA	324.532,72
TOTAL INCREMENTO NO ESTADO DE INGRESOS		4.387.339,70

VARIACIÓN NETA NO ESTADO DE GASTOS	4.387.339,70
VARIACIÓN NETA NO ESTADO DE INGRESOS:	4.387.339,70

DISTRIBUCIÓN NETA DAS MODIFICACIÓNS POR CAPÍTULOS DE GASTO

CAPÍTULO		IMPORTE
I	Gastos de persoal	
II	Gastos correntes en bens e servizos	9.857,11
III	Gastos financeiros	
IV	Transferencias correntes	4.052.949,87
V	Fondo de Continxencia e outros	
OPERACIÓNS CORRENTES		4.062.806,98
CAPÍTULO		IMPORTE
VI	Investimentos reais	324.532,72
VII	Transferencias de capital	
VIII	Activos financeiros	
IX	Pasivos financeiros	
OPERACIÓNS DE CAPITAL		324.532,72
TOTAL		4.387.339,70

Tramítese o expediente con suxeición ao procedemento establecido pola normativa vixente.

A Coruña, na data da sinatura electrónica que consta no presente documento

A Alcaldesa,

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido firmado por Alcaldesa (INES REY GARCÍA) a las 18:22 del día 28/02/2025 y por ACTIVIDAD CORPORATIVA. AYTO A CORUÑA a las 18:22 del día 28/02/2025. Mediante el código de verificación 5R3D0Q4Q486B4V5T0J48 puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/Anotada en el Libro de Resolución de Alcaldía con el núm. COR/DEC/1361/2025 el 28/02/2025



Concello da Coruña

Área / Unidad TESORERIA GENERAL TG4000 SAS/DZP	Documento 37019I00EG	Anotada en el Libro de Resoluciones de la Alcaldía con el núm: DEC/AYT/1361/2025 28/02/2025
Código de verificación 	Expediente 370/2025/71	
5R3D 0Q4Q 486B 4V5T 0J48	Fecha 28-02-2025	

ALCALDÍA – PRESIDENCIA

Exercicio 2024

LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DECRETO DA ALCALDIA

De conformidade co artigo 191.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e preceptos que a desenrolan, corresponde á Alcaldía a aprobación da liquidación do orzamento.

Efectuado o peche e liquidación do Orzamento municipal do exercicio 2023 pola Tesourería Xeral, centro directivo da contabilidade de conformidade co artigo 137 do Regulamento Orgánico Municipal, e visto o informe da Tesourería Xeral de data 27 de febreiro de 2024.

RESOLVO

1.- Aprobar o Estado de Liquidación do Orzamento do exercicio 2024 co seguinte:

RESUMO

1. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO CORRENTE.

LIQUIDACIÓN ORZAMENTO DE GASTOS

ESTADO GASTOS	CREDITO INICIAL	MODIF. CDTO	CREDITOS DEFINITIVOS	GASTO COMPROM.	OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	PAGOS LIQUIDOS	OBRIGAS PTES DE PAGO	REMANENTE DE CREDITO
CAPITULO 1	80.439.407,17	499.288,01	80.938.695,18	79.110.935,47	79.108.179,56	79.108.029,35	150,21	1.830.515,62
CAPITULO 2	155.010.713,63	-3.860.023,85	151.150.689,78	140.275.805,99	132.888.472,39	129.365.816,49	3.522.655,90	18.262.217,39
CAPITULO 3	2.750.255,47	-994.293,18	1.755.962,29	1.676.663,01	1.676.663,01	1.676.663,01	0,00	79.299,28
CAPITULO 4	33.943.840,27	22.357.129,62	56.300.969,89	55.698.465,97	55.560.297,28	55.290.298,77	269.998,51	740.672,61
CAPITULO 5	20.000,00	0,00	20.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	20.000,00



Concello da Coruña

ESTADO GASTOS	CREDITO INICIAL	MODIF. CDTO	CREDITOS DEFINITIVOS	GASTO COMPROM.	OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	PAGOS LIQUIDOS	OBRIGAS PTES DE PAGO	REMANENTE DE CREDITO
TOTAL, OP. CORRENTES	272.164.216,54	18.002.100,60	290.166.317,14	276.761.870,44	269.233.612,24	265.440.807,62	3.792.804,62	20.932.704,90
CAPITULO 6	75.274.632,30	34.749.024,14	110.023.656,44	63.393.074,25	29.954.058,93	27.598.880,14	2.355.178,79	80.069.597,51
CAPITULO 7	18.079.696,83	7.642.330,43	25.722.027,26	15.107.862,07	14.491.607,20	11.841.155,63	2.650.451,57	11.230.420,06
CAPITULO 8	80.001,00	596.874,12	676.875,12	675.668,77	675.668,77	675.668,77	0,00	1.206,35
CAPITULO 9	9.881.246,83	-91.000,00	9.790.246,83	9.789.954,80	9.789.954,80	9.789.954,80	0,00	292,03
TOTAL, OP. CAPITAL	103.315.576,96	42.897.228,69	146.212.805,65	88.966.559,89	54.911.289,70	49.905.659,34	5.005.630,36	91.301.515,95
TOTAL, CAPITULOS	375.479.793,50	60.899.329,29	436.379.122,79	365.728.430,33	324.144.901,94	315.346.466,96	8.798.434,98	112.234.220,85

LIQUIDACION ORZAMENTO DE INGRESOS

ESTADO INGRESOS	PREVISION INICIAL	MODIF. CDTO	PREVISIONS DEFINIT.	DEREITOS RECOÑEC.	DEREITOS ANULADOS	DEREITOS CANCEL.	DEREITOS RECOÑEC. NETOS	RECADAC. NETA	DEREITOS PTES DE COBRO
CAPITULO 1	111.182.619,56	0,00	111.182.619,56	111.349.642,81	3.510.357,27	5.645,05	107.833.640,49	99.646.636,34	8.187.004,15
CAPITULO 2	14.650.468,31	0,00	14.650.468,31	15.140.200,17	1.217.219,43	0,00	13.922.980,74	13.083.507,34	839.473,40
CAPITULO 3	66.381.498,22	3.110.299,10	69.491.797,32	64.950.951,97	1.143.907,85	11.409,51	63.795.634,61	43.199.265,77	20.596.368,84
CAPITULO 4	101.566.829,25	6.554.166,92	108.120.996,17	117.105.755,73	3.448.572,43	0,00	113.657.183,30	106.855.422,97	6.801.760,33
CAPITULO 5	7.403.836,09	0,00	7.403.836,09	6.075.224,41	0,00	0,00	6.075.224,41	4.843.559,77	1.231.664,64
TOTAL, OP. CORRENTES	301.185.251,43	9.664.466,02	310.849.717,45	314.621.775,09	9.320.056,98	17.054,56	305.284.663,55	267.628.392,19	37.656.271,36
CAPITULO 6	5.419.056,58	0,00	5.419.056,58	1.366.156,47	0,00	0,00	1.366.156,47	1.366.156,47	0,00
CAPITULO 7	8.297.920,10	1.631.669,62	9.929.589,72	28.802.913,67	460.556,32	0,00	28.342.357,35	28.342.357,35	0,00
CAPITULO 8	11.957.973,85	30.379.598,18	42.337.572,03	269.902,47	0,00	0,00	269.902,47	269.902,47	0,00
CAPITULO 9	48.619.591,55	19.223.595,47	67.843.187,02	21.386.880,04	711.017,20	0,00	20.675.862,84	20.675.862,84	0,00
TOTAL, OP. CAPITAL	74.294.542,08	51.234.863,27	125.529.405,35	51.825.852,65	1.171.573,52	0,00	50.654.279,13	50.654.279,13	0,00
TOTAL, CAPITULOS	375.479.793,51	60.899.329,29	436.379.122,80	366.447.627,74	10.491.630,50	17.054,56	355.938.942,68	318.282.671,32	37.656.271,36



Concello da Coruña

2. LIQUIDACIÓN DE ORZAMENTOS PECHADOS.

ESTADO DE GASTOS

DEREITOS RECOÑECIDOS PENDENTES DE COBRO A 1 DE XANEIRO	MODIF. SALDO INICIAL	DEREITOS ANULADOS	DEREITOS CANCELADOS	COBROS	DEREITOS RECOÑECIDOS PENDENTES DE COBRO A 31 DE DECEMBRO
92.884.141,16	-81.073,16	6.078.308,52	3.795.689,74	19.883.652,60	63.045.417,14

ESTADO DE INGRESOS

OBRIGAS RECOÑECIDAS PENDENTES DE PAGO A 1 DE XANEIRO	MODIF. SALDO INICIAL	PRESCRIPCION	PAGOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS PENDENTES DE PAGO A 31 DE DECEMBRO
7.837.387,24	-81.247,15	0,00	7.756.076,19	63,90

3. RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO.

CONCEPTOS	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	DIFERENCIA
a) operacions correntes	305.284.663,55	269.233.612,24	36.051.051,31
b) operaci3ns de capital	29.708.513,82	44.445.666,13	-14.737.152,31
1. Ops. Non financeiras (a+b)	334.993.177,37	313.679.278,37	21.313.899,00
c) activos financeiros	269.902,47	675.668,77	-405.766,30
d) pasivos financeiros	20.675.862,84	9.789.954,80	10.885.908,04
2. Ops. Financeiras (c+d)	20.945.765,31	10.465.623,57	10.480.141,74
RESULTADO ORZAMENTARIO INICIAL DO EXERCICIO			31.794.040,74

AXUSTES	
3.- Cr3ditos gastados financiados con RT para gastos xerais (+)	5.843.549,58
4.- Desviaci3ns de financiamento negativas do exercicio (+)	20.443.756,22
5.- Desviaci3ns de financiamento positivas do exercicio (-)	42.277.586,79
II. TOTAL AXUSTES (3 + 4 - 5)	-15.990.280,99
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO (I + II)	15.803.759,75



Concello da Coruña

4. REMANENTES DE CRÉDITO.

CAPITULO	REMANENTE NON COMPROMETIDO				REMANENTE COMPROMETIDO	TOTAL
	NON DISPOÑIBLE	DISPOÑIBLE	RETIDO	AUTORIZADO		
CAPITULO 1	0,00	7.343.413,61	3.600,00	120.763,13	1.283.358,43	8.751.135,17
CAPITULO 2	0,00	3.753.840,54	46.607,32	0,00	275.779,24	4.076.227,10
CAPITULO 3	24.560,08	23.691.142,37	280.915,43	0,00	10.365.565,03	34.362.182,91
CAPITULO 4	0,00	20.616.049,72	0,00	437.076,93	18.915.969,54	39.969.096,19
CAPITULO 5	0,00	7.828.118,47	916.801,15	238.659,28	4.041.575,42	13.025.154,32
CAPITULO 6	0,00	5.220.474,93	108.586,23	20.083,27	6.701.280,73	12.050.425,16
CAPITULO 7	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
CAPITULO 8	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
CAPITULO 9	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAIS	24.560,08	68.453.039,64	1.356.510,13	816.582,61	41.583.528,39	112.234.220,85

5. REMANENTE DE TESOURERÍA.

ESTADO DE REMANENTE DE TESOURERÍA	EXERCICIO 2024	
1. (+) Fondos Líquidos		54.875.997,81
2. (+) Dereitos pendentes de cobro		104.160.114,78
+ Orzamento Corrente	37.656.271,36	
+ Orzamentos Pechados	63.045.417,14	
+ Outras Operacións non Orzamentarias	3.458.426,28	
3. (-) Obrigas pendentes de pagamento		21.393.563,00
+ Orzamento Corrente	8.798.434,98	
+ Orzamentos Pechados	63,90	
+ Outras Operacións non Orzamentarias	12.595.064,12	
4. (+) Partidas pendentes de aplicación		1.823.015,42
- Cobros pendentes de aplicación definitiva	-337.054,37	
+ Pagamentos pendentes de aplicación definitiva	2.160.069,79	
I. REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL (1+2-3+4)		139.465.565,01
II. Saldos de dubidoso cobro		69.533.533,05
III. Exceso de financiación afectada		50.962.718,50
IV. REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS (I-II-III)		18.969.313,46



Concello da Coruña

2.- Dar conta ao Pleno e comunicar á Administración do Estado e á Xunta de Galicia da Liquidación do exercicio 2024, segundo o disposto no artigo 193.5 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

A Coruña, á data de sinatura electrónica deste documento.

A Alcaldesa

EXPEDIENTE M1/2025 DE CONCESIÓN DE SUPLEMENTOS DE CRÉDITO, CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS, Y MODIFICACIÓN DEL ANEXO DE INVERSIONES DEL PRESUPUESTO MUNICIPAL DE 2025

Remítese para informe desta Intervención Xeral, o expediente M1/2025 de suplementos de crédito, de créditos extraordinarios e modificación do Anexo de Inwestimentos, nos termos expostos na memoria da Alcaldía e informe-proposta da Oficina Orzamentaria que se achega ao expediente 36E/2025/13.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LRBRL), o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), o Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, en materia orzamentaria, así como as Bases de Execución do Orzamento para 2025, constitúen o réxime legal a que ha de someterse a Corporación para tramitar a modificación de créditos orzamentarios.

En concreto, a Sección 2ª do Capítulo I do Título VI do TRLRFL, titulada “Dos créditos e as súas modificacións”, artigo 172 e seguintes, e o seu desenvolvemento no R.D. 500/1990, regulan os expedientes de modificación de créditos, establecendo as normas que disciplinan os casos en que procede a súa tramitación, procedemento e formas de financiamento dos incrementos. No número 2 do artigo 177 e no 37.3 do R.D. 500/1990, esíxese o informe previo do Interventor respecto dos devanditos expedientes. Así mesmo a Base 7ª, apartado F) 2º das aprobadas para a execución do Orzamento de 2025, establece o carácter preceptivo, aínda que non vinculante, do informe do Interventor nas resolucións que modifiquen créditos orzamentarios.

En cumprimento do preceptuado, o Interventor Xeral que subscribe emite o seguinte INFORME.

I. Antecedentes, exame orzamentario e de estabilidade

O expediente que agora se somete á Corporación en Pleno supón aprobar dous créditos extraordinarios por importe de 4.062.806,98 € e un suplemento de crédito por importe de 324.532,72 €.

O expediente aparece nivelado, dado que o importe dos créditos extraordinarios e suplemento equivale aos recursos que se arbitran para o seu financiamento.

I. ALTAS (€)

- **Suplementos de crédito:** 324.532,72
- **Créditos Extraordinarios:** 4.062.806,98
- **Total altas de créditos:** 4.387.339,70

II. FINANCIAMENTO DOS INCREMENTOS DE GASTO (€)

- **Remanente Líquido de Tesourería Gastos Xerais:** 4.062.806,98
- **Remanente Líquido de Tesourería Gastos con Financiamento Afectado:** 324.532,72
- **Total financiamento:** 4.387.339,70

Por tanto, o expediente aparece nivelado e equilibrado en termos orzamentarios, dándose cumprimento ao disposto no artigo 16.2 do Real Decreto 500/1990.

O artigo 177 da Lei de Facendas Locais é o que regula o réxime das modificacións de créditos extraordinarios e suplemento de créditos. Polo anterior, en relación cos suplementos de crédito e créditos extraordinarios, no expediente dáse tamén cumprimento formal ao disposto no artigo 177.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que di en relación co financiamento das modificacións dos créditos citados o seguinte:

"El expediente deberá especificar la concreta partida presupuestaria a incrementar y el medio o recurso que ha de financiar el aumento que se propone. Dicho aumento se financiará con cargo al remanente líquido de tesorería, con nuevos y mayores ingresos recaudados sobre los totales previstos en el presupuesto corriente, y mediante anulaciones o bajas de créditos de gastos de otras partidas del presupuesto vigente no comprometidos, cuyas dotaciones se estimen reducibles sin perturbación del respectivo servicio."

En termos de estabilidade orzamentaria, a nivel de créditos definitivos e previsións definitivas, está a financiarse un gasto non financeiro cun ingreso financeiro como é o Remanente Líquido de Tesourería, que en termos absolutos, teóricos e abstrato implica risco de incurrir en inestabilidade orzamentaria. Non obstante, será coa liquidación orzamentaria cando hai que verificar se cos datos totais de gastos e ingresos non financeiros, a pesar de utilizar o Remanente Líquido de Tesourería, pode chegar a incurrirse en inestabilidade orzamentaria.

O anterior parágrafo referido á estabilidade orzamentaria infórmase ós efectos de dar cumprimento ao artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, no caso de que se puidese entender vixente (xa que a Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidad Orzamentaria é posterior e non o esixe) a obriga a emisión do informe da Intervención a estabilidade orzamentaria das modificacións orzamentarias.

II. Exame do expediente

Os créditos extraordinarios e suplementos de crédito, esencialmente, son para:

1. **Créditos Extraordinarios:**



- **41.4411.48991:** Subvención transporte público de viaxeiros, por importe de 4.052.949,87 €. Non nos han remitido o expediente do recoñecemento extraxudicial de crédito que parece, segundo se desprende o informe proposta deste M1/2025, limitarse a obrigas polas achegas municipais ao prezo unitarios do servizo de transporte público urbano de viaxeiros. Polo que non podemos facer neste momento ningunha valoración do destino deste crédito extraordinario, aínda que se poida presumir a observación que vimos facendo habitualmente da insuficiencia de crédito orzamentario nos sucesivos orzamentos para este fin e que da lugar a ter que acudir a un Recoñecemento Extraxudicial de Crédito e a súa imputación aos orzamento do exercicio posterior ao gasto, cando este instrumento debería ser utilizado excepcionalmente.

- **30.1522.22691:** Conservación da Edificación, por importe de 9.857,11 €. Para o pago de gastos de comunidades onde o concello ten propiedades.

2. Suplemento de Crédito:

- **11.136.62400:** Vehículo de descontaminación con equipamento, por importe de 324.532,72 €. Os ingresos afectados teñen un fin determinado, e neste caso os ingresos das compañías de seguros de incendios en concepto de contribucións especiais deben aplicarse aos fins aprobados polas ordenanzas fiscais destas contribución.

En todo caso, como sempre decimos, a habilitación de crédito orzamentario non prexuzga nin condiciona o sentido da nosa fiscalización na execución do gasto.

III. Aprobación do expediente pola Corporación

Segundo o artigo 177 do TRLRFL, a aprobación dos expedientes de concesión de créditos extraordinarios e suplementos corresponden ao Pleno da Corporación, seguindo os mesmos trámites establecidos para a aprobación do Orzamento. Con todo, a teor do establecido na Lei 57/2003, de Modernización do Goberno Local, artigo 127.1.b), corresponde á Xunta de Goberno Local a aprobación do proxecto de Orzamento e enténdese, en consecuencia coa lexislación citada, que así mesmo corresponde ao devandito Órgano a aprobación do proxecto do expediente que agora se tramita.

A Coruña, na data da sinatura electrónica.

Intervent. Xeral

Asunto: Recoñecemento extraxudicial de facturas e obrigas económicas do Concello por importe total de 4.062.806,98 €.

Destino: Consello Rector do IMCE.

Sométese a informe desta Intervención o asunto de referencia. Examinado o mesmo emítese o seguinte

INFORME.

A Lei Xeral Orzamentaria, aplicable inicialmente no ámbito da Administración Xeral do Estado, establece no seu artigo 20 que “as obrigacións da Facenda Pública nacen da Lei, dos negocios xurídicos e dos actos ou feitos que, segundo Dereito, as xeren”. Esta clasificación das fontes supón unha evolución do xa establecido no artigo 1089 do Código Civil. Con iso ponse de manifesto que as fontes das obrigacións sitúanse, con carácter xeral e sen prexuízo do que logo se dirá, fóra do ámbito dos Orzamentos das Administracións Públicas.

Resulta patente de acordo coa lexislación vixente que a existencia de crédito orzamentario é condición necesaria para que o gasto público se realice lícitamente. Con todo, doutrinalmente discútase sobre se a prohibición resultaba aplicable ou non ao nacemento das obrigacións.

Para un importante sector doctrinal (entre outros, C. Albiñana, F. Pérez Royo, J. Martín Queralt, B. Sesma) o nacemento das obrigacións é independente da existencia ou inexistencia de crédito orzamentario, e iso sobre a base de que a inexistencia de crédito limita os efectos da exigibilidade da obrigación pero non ten por que afectar á validez do acto negocial que dá vida á obrigación. Con esta postura protéxese aos acredores de boa fe que descoñecen os requisitos internos, entre eles a existencia de crédito, que poderían, noutro caso, afectar á validez do seu vínculo xurídico coa Administración. Para outro sector doutrinal (A. Rodríguez Bereijo, Ferreiro Lapatz, Pombal Olmeda, etc), a xuízo deste órgano cun mellor criterio, as obrigacións legais (as que xorden ex lege e non ex voluntate) nacen validamente con independencia de que exista ou non crédito, pero as obrigacións derivadas da autonomía da vontade (no ámbito da Administración serían as derivadas de actos administrativos) requiren para a súa validez da existencia de crédito. En calquera caso é pacífico que o pago das obrigacións, tanto legais como voluntarias, está condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente, en canto autorización do lexislativo ao executivo para realizar gasto público e como límite legal para non incorrer en déficit público.

O Recoñecemento Extraxudicial, previsto expresamente nos artigos 26 e 60 do Real Decreto 500/1990, pretende dar resposta, no suposto máis frecuente, a aqueles gastos realizados sen crédito orzamentario.

Resulta obrigada neste punto a mención ao artigo 173.5 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL) a cuxo tenor non poderán adquirirse compromisos de gastos por contía superior ao importe dos créditos autorizados nos estados de gastos, sendo nulos de pleno dereito os acordos, resolucións e actos administrativos que infrinxan a expresada norma, sen prexuízo das responsabilidades a que haxa lugar; e en concordancia con iso, o artigo 176 do mesmo texto legal establece o principio de anualidade orzamentaria cando dispoñen que

con cargo aos créditos do estado de gastos de cada orzamento só poderán contraerse obrigacións derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario. Tamén se debe citar o artigo 172.1 do TRLRFL que establece a limitación cualitativa e cuantitativa dos créditos, e o disposto no artigo 173.1 do mesmo texto legal ao condicionar a exigibilidade das obrigacións de pago da facenda local á execución dos orzamentos dentro dos límites cualitativos e cuantitativos dos seus créditos.

A aprobación dun Recoñecemento Extraxudicial de Créditos supoñen unha excepción ao principio de anualidade orzamentaria, tal e como se deriva dos preceptos 26.2 c) e 60.2 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril, que articularon este instrumento, sobre a base da teoría do enriquecemento inxusto que permitía, ata agora polo que logo se dirá, superar a sanción de nulidade prevista no ordenamento xurídico, para protexer aos terceiros de boa fe que noutro caso veríanse afectados por un empobrecemento non compensable ocasionado pola mala práctica da propia Administración que saíra beneficiada da súa propia actuación irregular.

Apuntan así algúns autores que debe procederse ao recoñecemento extraxudicial de créditos previa convalidación administrativa das actuacións, a modo de indemnización substitutiva -en canto non cabe falar de recoñecemento das obrigacións stricto sensu-; trátase dunha solución normativa a unha situación irregular derivada da aplicación en vía administrativa do principio, procedente do ámbito civil pero incorporado ao público, de enriquecemento sen causa (entre outras, SSTS de datas 15-07-1985, 24-07-1992, 13-7-84, 20-10-87, 11-2-91, 19-11-92, 9-10-2000, e STSX Castela e León de data 19-1-1999, STSX Cantabria de data 20-7-2000, SsTSX de Galicia de datas 22-04-2004, 09-10-2003, 26-09-2002, 13-10-2000). Afirmar estas últimas Sentenzas que a ausencia das formalidades necesarias para a contratación administrativa, como existencia de crédito, autorización do gasto, adxudicación, etc, non significa que a Administración non teña que abonar o traballo realizado. Os defectos formais na contratación teñen que ceder ante as esixencias do principio que prohibe o enriquecemento inxusto ou sen causa, de acordo cunha reiterada doutrina xurisprudencial. Sen que o devandito recoñecemento de débeda envite, no seu caso, as responsabilidades que puidesen derivarse das devanditas actuacións que o xeraron.

O mesmo Tribunal de Contas de Madrid en actuacións previas 169/08 de responsabilidade contable dixo que:

“De otra parte cabe decir que en esta materia contractual que nos ocupa, la jurisprudencia consagra el principio de la interdicción del enriquecimiento injusto. Este instituto responde a la idea, como sabemos, de impedir que alguien obtenga un beneficio a expensas de otro y sin motivo que lo justifique. En este sentido se pronuncian las Sentencias del Tribunal Supremo de fecha 17 de febrero de 1994 y de fecha 25 de septiembre de 1977, cuando nos dice la primera que la doctrina del enriquecimiento injusto va encaminada a evitar un lucro contrario a la equidade, se refiere a adquisicións patrimoniais que no se corresponden con una causa válida de atribución, siendo la noción sin causa de la atribución, como observa la sentencia de fecha 28 de enero de 1956, la básica, definitiva y básica para corregir adjudicaciones patrimoniales antijurídicas con base en el presupuesto de una situación objetivamente injusta; y la segunda,

que: es la equidad, el substratum, el fundamento de la figura jurídica constituida por el enriquecimiento injusto. Equidad entendida como concepto de derecho natural, manifestación del principio de igualdad, moderación de la norma jurídica o manera de solucionar contiendas judiciales. Por último, también es clarificadora la Sentencia del Tribunal Supremo de fecha 20 de marzo de 1990, cuando expresa que el enriquecimiento injusto o sin causa justo tiene un apoyo en esa falta de causa, lo que ya la diferencia y contrapone con la reclamación de daños y perjuicios que nace de un hecho ilícito, siendo indispensables los conceptos de culpa e imputabilidad y la relación de causa a efecto entre el agente provocador y el daño, no tratando sino de reparar un perjuicio por lo que es contrario al concepto de enriquecimiento injusto o torticero.”

O Recoñecemento Extraxudicial, entendido nestes termos, viría así a adiantarse á actuación do terceiro contratante prexudicado, quen podería exercitar, ben unha acción xudicial por incumprimento contractual ou enriquecemento inxusto, ou ben unha pretensión de responsabilidade ao amparo dos artigos 106.2 CE, obrigación económica que, como acertadamente sinala o profesor José Pascual García, polo seu carácter ex lege pode ser recoñecida en vía administrativa.

Doutra banda, no ámbito estritamente da lexislación contractual pero no mesmo senso, o artigo 32 c) da anterior Lei de contratos e 39.1 b) da vixente, sanciona coa nulidade de pleno dereito administrativo os contratos con carencia ou insuficiencia de crédito, salvo nos supostos de urxencia. O artigo 35.1 do mesmo texto legal dispón que a declaración de nulidade dos actos do contrato ou da adxudicación provisional ou definitiva, cando sexa firme, levará en todo caso consigo a do mesmo contrato que entrará en liquidación, debendo restituírse as partes reciprocamente as cousas que recibisen en virtude do mesmo e se isto non fose posible devolverase o seu valor. A parte que tivera resultado culpable deberá indemnizar á contraria dos danos e prexuízos que sufra.

Con independencia de cal sexa a verdadeira natureza xurídica da institución do recoñecemento extraxudicial de crédito (responsabilidade patrimonial, resolución do contrato con liquidación, revisión de oficio con restitución do debido, etc), o certo é que opera a doutrina xurisprudencial do enriquecemento inxusto, polo que a nosa opinión era (como tamén o era para o resto dos Concellos de Galicia, baseados en razóns de economía procesual, que evitaba ter que tramitar unha revisión do contrato ou un expediente de responsabilidade patrimonial, onde o resultado sería o mesmo cunha maior carga burocrática con prexuízos para o acreedor e para a propia Administración que aumentaría os seus tempos de pago co correspondente risco de incumprir os prazos de pago e incorrer en custos financeiros), o recoñecemento directo da obrigación económica a favor do terceiro de boa fe, unha vez que se acreditase documentalmente a conformidade co servizo prestado, adecuación dos prezos a mercado, a explicación das razóns que motivaron tal actuación e demais requisitos formais que o xustificasen. E iso sen prexuízo das consecuencias e responsabilidades que puidesen derivarse da actuación irregular de facer gasto sen crédito orzamentario.

O expediente para tramitar sería o de recoñecemento extraxudicial de crédito de conformidade co procedemento de “recoñecemento extraxudicial de crédito” ata agora

previsto nas bases de execución do orzamento, sen necesidade dunha revisión de oficio, e que se veu tramitando ordinariamente nas últimas décadas no Concello da Coruña como, reiteramos, así se fixo no resto dos Concellos de Galicia.

Con todo no exercicio 2018 houbo un posible cambio de paradigma a vista dunha Sentencia dun Xugado do Contencioso Administrativo de Oviedo, e valorouse se era ou non era necesaria a previa revisión de oficio do gasto realizado sen crédito orzamentario ao darse o suposto previsto no artigo 173.5 do Real Decreto Legislativo 4/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais. E iso a vista do acontecido na Comisión informativa de Facenda de data 02 de maio de 2018, onde se puxo de manifesto pola Secretaría Xeral a posible necesidade de proceder á revisión de oficio previamente ao recoñecemento extraxudicial de crédito.

Ata a data insistimos que a práctica habitual da totalidade dos Concellos de Galicia foi tramitar os expedientes de recoñecemento extraxudicial de créditos sen sometelo á revisión de oficio. De feito no documento do Consello de Contas de Galicia *“Informe de Fiscalización das resolucións e acordos contrarios aos reparos e dos acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización previa. Exercicio 2014-2015”*, analízanse, ademais dos reparos formulados polos Interventores, os recoñecementos extraxudiciais de crédito aprobados polos entes locais suxeitos a fiscalización e non se indicaba en ningún momento do documento a procedencia da súa revisión de oficio.

Rastrexando os ditames do Consejo de Estado non atopamos ningún ditame sobre estes supostos de revisións de gastos por falta de crédito orzamentario como suposto de nulidade de pleno dereito. Sí atopamos unicamente dous (241/2016, 298/2016) do Consello Consultivo de Galicia relativo ao Concello de Chantada onde concluía a nulidade tanto pola falta de crédito orzamentario como pola adxudicación de obras sen seguir ningún tipo de procedemento, manifestándose en canto á falta de crédito da seguinte maneira:

“Non presente caso, o Concello de Chantada avoga porque se declare a nulidade dos contratos referidos á execución de obras en camiños por facerse a autorización, adxudicación do contrato, incorrendo en irregularidades. Por unha banda, por non existir crédito orzamentario suficiente; e, por outra, por non cumprir os trámites procedementais esixidos pola lexislación contractual.

Así, a Administración invoca como un dous primeiros motivos, o de “carencia de crédito”. A aplicación desta causa aparece xustificada no informe emitido polo interventor no que indica que o expediente de contratación iniciouse sen certificado da existencia de crédito.

A respecto desta causa de nulidade, cabe lembrar que a existencia e adecuación de crédito constitúe un presuposto de validez e eficacia de cada actuación administrativa que dá lugar á realización dun gasto. Así, ou artigo 109.3 do TRLCSP que regula a iniciación e contido do expediente de contratación dispón non seu apartado 3: “Así mesmo, deberanse incorporar o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa, e a fiscalización previa da intervención, se é o caso, nos termos previstos na Lei 47/2003, do 26 de novembro.”. Ao tempo que resulta parte do contido mínimo do contrato, a teor do disposto non artigo 26.1

k) da TRLCSP, que dispón: “O crédito orzamentario ou o programa ou rúbrica contable con cargo ao cal se aboará ou prezo, de ser o caso”.

Desta maneira, o artigo 173.5 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, dispón que: “Non poderán adquirirse compromisos de gastos por contía superior ao importe dos créditos autorizados nos estados de gastos, sendo nulos de pleno dereito os acordos, resolucións, e actos administrativos que infrinxan a expresada norma, sen prexuízo das responsabilidades a que haxa lugar”.

O que dispón este artigo debe poñerse en relación co artigo 32 letra c) do TRLCSP, que establece como causa de nulidade dos contratos: “A carencia ou insuficiencia de crédito, de conformidade co establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, ou nas normas orzamentarias das restantes administracións públicas suxeitas a esta lei, salvo os supostos de emerxencia”.

O Tribunal Supremo en sentenza do 08.06.2004 (RJ 2004/3882) sinalaba: “[...] No pueden adquirirse compromisos de gastos por cuantía superior al importe de los créditos autorizados en los estados de gasto, siendo nulos de pleno derecho los acuerdos, resoluciones y actos administrativos que infrinjan esta norma e igualmente son nulos de pleno derecho los actos de adjudicación de contratos que carezcan de consignación presupuestaria”.

Como recorda a sentenza do Tribunal Supremo do 15.02.2001: “[...] Los Presupuestos Generales de las entidades locales representan el instrumento mediante el que éstas ejercen la facultad de ordenar los recursos propios con el fin de disponer libremente de ellos en el ejercicio de sus competencias, como manifestación de la autonomía local, conforme al artículo 9.1 de la Carta Europea de Autonomía Local, de 15 de octubre de 1985 (RCL 1989/412) , ratificada por Instrumento de 20 de enero de 1988.

Sin embargo, el Presupuesto no tiene como finalidad el reconocimiento de obligaciones de carácter económico, sino que constituye la forma de autorizar los créditos para el cumplimiento de las reconocidas o que puedan reconocerse con arreglo al ordenamiento jurídico local, mediante la fijación de unas previsiones o límites máximos, que han de establecerse partiendo de la disposición de los recursos previstos en el propio Presupuesto. En consonancia con ello, el artículo 153 de la Ley de Haciendas Locales (RCL 1988/2607 y RCL 1989/1851) dispone que los créditos autorizados tienen carácter limitativo y vinculante y el artículo 154 añade que las obligaciones de pago sólo serán exigibles de la Hacienda Local cuando resulten de la ejecución de sus respectivos Presupuestos con los límites señalados en el artículo anterior, o de sentencia judicial firme.

[...]”.

Neste caso, do informe emitido polo interventor resulta que vos contratos foron adxudicados con clara contravención do disposto na lexislación mencionada en canto á previa consignación e carencia de crédito, polo que cabe concluír que concorre por mor de nulidade establecida non artigo 32 c) do TRLCSP.”

Conclúe o ditame anterior en canto ao proceder do pago dos gastos realizados que:

“Quinta.- Polo que se refire aos efectos da declaración de nulidade, temos que estar ao disposto non artigo 35.1 do TRLCSP; regulación que constitúe a canle legal específica para garantir os dereitos de quen tivese prestado servizos á Administración nunhas condicións como as examinadas. O precepto dispón: “A declaración de nulidade dos actos preparatorios do contrato ou da adxudicación, cando sexa firme, comportará en todo caso a do mesmo contrato, que entrará en fase de liquidación; as partes deberanse restituír reciprocamente as cousas que recibisen en virtude deste e, se isto non for posible, devolverase o seu valor. A parte que resulte culpable deberá indemnizar á contraria dos danos e perdas que sufrise”.

Conforme ao establecido en tal precepto, resulta claro que, en primeiro lugar, deben aboarse ás empresas contratistas os traballos que efectivamente fosen realizados e recibidos de conformidade pola Administración, previa a súa valoración polos servizos técnicos do Concello. Como segundo aspecto, o artigo 35.1 contempla do mesmo xeito a obriga que corresponde á parte culpable de indemnizar á contraria dos danos e perdas que esta tivese sufrido, en consonancia co disposto non artigo 102.4 da LRPC, segundo o cal “as administracións públicas, ao declarar a nulidade dunha disposición ou acto, poderán establecer, na mesma resolución, as indemnizacións que proceda recoñecer aos interesados, se se dan as circunstancias previstas nos artigos 139.2 e 141 desta lei”.

Na proposta remitida o Concello recoñece que se procederá ao pagamento aos contratistas remitindo a “un trámite posterior”, deste xeito, tal como consta, tal cuestión será resolta nun expediente instruído para tal efecto.”

Polo anterior, e á vista do acontecido na Comisión Informativa indicada, levounos a reconsiderar a necesidade de proceder á revisión de oficio e o sometemento previo ao Consello Consultivo de Galicia como paso previo á aprobación do recoñecemento extraxudicial de crédito. En apoio neste posible cambio de criterio da forma de proceder tamén podemos citar o ditame 208/2018 do Consello Consultivo de Aragón que si informa favorablemente un expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito sobre a base da nulidade por falta de crédito adecuado e suficiente.

Por tanto naqueles casos nos que se trate de gastos sen crédito adecuado e suficiente pero non suxeitos a función interventora propuxemos que debería valorarse someterse a partir deste intre á súa revisión de oficio antes do seu recoñecemento extraxudicial polo Pleno do Concello.

Á vista da cuestión sobre se era ou non necesario proceder á revisión de oficio como trámite previo ao recoñecemento extraxudicial de crédito por parte da Dirección de Asesoría Xurídica e de Facenda instouse ao Consello Consultivo, a través de petición do Alcalde-Presidente, para que se pronunciase sobre a cuestión exposta.

En informe CCG 163/2019 do 8 de maio de 2019 pronúnciase o Consello Consultivo sobre as preguntas formuladas respecto diso. E en concreto sobre a pregunta formulada *¿É necesario proceder á revisión de oficio con carácter previo ao recoñecemento extraxudicial de créditos ou*

nos casos de omisión de fiscalización previa (artigo 28 do Real Decreto 424/2017), ou resultan de aplicación os límites da revisión dos actos nulos?, o Consello Consultivo, extractando o que agora nos interesa, di que:

O recoñecemento extraxudicial de créditos, configurado no art. 60.2 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril como un procedemento de natureza orzamentaria dirixido a posibilitar o pagamento dun gasto para o que non se contemplaba dotación orzamentaria e para o cal se atribúe ao Pleno da entidade local a competencia para declarar a existencia dun crédito contra ela, móvese en plano distinto do procedemento de revisión de oficio, concibido este como forma de revogación pola Administración dos seus propios actos por razóns de legalidade.

A potestade de poñer en marcha o mecanismo do recoñecemento extraxudicial de créditos concirne á existencia dun crédito contra a entidade local para o atendimento do cal non existe dotación orzamentaria, o que é independente do que na orixe dese crédito se atope un acto susceptible de ser sometido ao procedemento de revisión de oficio por apreciarse en tal acto un vicio encadrable nalgunha das causas de nulidade de pleno dereito.

É posible que se advirta a presenza dunha causa de nulidade na contracción do crédito, pero iso non arrastra como inevitable consecuencia o que non exista posibilidade de recoñecer o mesmo sen unha previa anulación do acto que amparou a prestación do contratista. Bo exemplo diso o proporciona o art. 28.2

E que

O contido do art. 41.1 da LCSP abunda na idea de que a presenza dunha causa de nulidade na contracción do crédito non faculta nin obriga en todo caso ao Pleno ou a Xunta de Goberno Local a seguir o procedemento da revisión de oficio.

Concluindo que

Cando tal precepto legal prevé que a revisión de oficio dos actos preparatorios e dos actos de adxudicación dos contratos efectuaranse de conformidade co establecido no Capítulo I do Título V da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (en adiante, LPAC) estase remitindo en bloque a un capítulo, no que se inclúe o art. 110, expresivo de que *“As facultades de revisión establecidas neste Capítulo, non poderán ser exercidas cando por prescripción de accións, polo tempo transcorrido ou por outras circunstancias, o seu exercicio resulte contrario á equidade, á boa fe, ao dereito dos particulares ou ás leis”*. Ese artigo 110 da LPAC supón que se unha vez ponderada a situación e circunstancias do caso se apreciase que as mesmas teñen encaixe naquelas ás que tal precepto se refire, entre as que cabería incluír a inexistencia de advertencia da inminente finalización dun contrato, e iso levase como consecuencia asociada unha vulneración da equidade, da boa fe, do dereito dos particulares ou das leis, queda a Administración desapoderada daquela facultade de revisión de oficio.

Máis recentemente pronunciouse o Tribunal Supremo na súa Sentenza 4480/2023 de data 17/10/2023 ditada en Recurso de Casación 6316/2020 que resolve a cuestión casacional confirmando que **é posible acudir a doutrina do enriquecemento inxusto ou sen causa para o pago de facturas de servizos contrados verbalmente**, sen que en ningún momento mencione a necesidade dunha revisión previa de oficio do acto que é inexistente ao ser verbal:

“ es posible acudir a la doctrina del enriquecimiento injusto o sin causa para el pago de facturas por servicios en los casos de contratación irregular o no permitida, como la contratación verbal, siempre que concurran los requisitos citados en los fundamentos de derecho anteriores, a los que nos remitimos, y que, en síntesis, consisten en la ganancia de uno, el correlativo empobrecimiento de otro, un nexo de causalidad entre ambas situaciones y la ausencia de causa justificativa, exigencias a las que se suma el requisito de singular importancia de la ausencia de mala fe en los términos antes expresados, es decir, es preciso que el desequilibrio esté constituido por prestaciones del particular que no se deban a su propia iniciativa ni revelen una voluntad maliciosa del mismo, sino que tengan su origen en hechos, dimanantes de la Administración pública, que hayan generado razonablemente en ese particular la creencia de que le incumbía un deber de colaboración con dicha Administración”

Pero debemos advertir que dende o anterior recoñecemento extraxudicial de crédito I do 2024 xa aprobado, tivemos coñecemento dunha Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) en recurso 7016/2022 e de data 19 de xullo de 2022, que declara nulo de pleno dereito un REC (Recoñecemento Extraxudicial de Crédito) dun concello por no facer unha revisión de oficio previa. Nos autos deste pleito acheoguse o dictamen do Consello Consultivo de Galicia 163/2019 xa reproducido anteriormente para argumentar que non era necesario seguir un procedemento de revisión de oficio previo a aprobación do REC, pero o xuíz, basándose nunha aceptación tácita da revisión de oficio previa a convalidacións de gastos feita polo TS en

Sentenza 722/2022 (que realmente se pronunciaba sobre a procedencia ou no de interés contractuales nos casos de gastos irregulares que foron voluntariamente suxeitos a revisión de oficio previa) e especialmente nunha da Audiencia Nacional de 14 de outubro de 2019, dictada en recuso 398/2018, conclúe sen paliativos que *“convalidar o mal feito esixe previamente recoñecer o que se fixo mal, e en termos xurídico eso acádase mediante a revisión de oficio, que faltou nos dous expedientes de recoñecemento extraxudicial de crédito e por iso deben ser declarados nulos de pleno dereito”*. A sentenza do TSXG anula a anterior dun xuzgado do contencioso administrativo de primeira instancia que decía que non era necesario unha previa revisión de oficio antes da aprobación do REC porque a *“inexistencia absoluta do procedemento de contratación administrativa impide a consideración da existencia de calquer acto administrativo digno de tal nome, polo que no cabe a súa revisión de oficio, reservada aos actos nulos de pleno dereito, e en consecuencia, só cabe, para remediar as consecuencias do enriquecemento inxusto no caso de recepción de obras ou servizos, acudir á figura da REC, sempre que concorran determinadas circunstancias”*. Esta diferenza de interpretación entre dous xuices nun asunto que non é precisamente excepcional (aínda que así tería que ser) como é os dos REC nos concellos, pon de manifesto a inseguridade xurídica na que nos movemos neste ámbito.

Incluso o Secretario Xeral do Consello Consultivo de Galicia ten escrito na revista Cuadernos de dereito local, de xuño de 2023 da Fundación Demoracia y Gobierno Local, páxinas 414 a 427, a vista do fallo da citada Sentenza do TSXG de 19 de xullo de 2022, que:

1. Frente as Sentenzas do Xuzgado do Contencioso Administrativo nº4 de Oviedo de 12 de xuño de 2017 e a xa antes citada do TSXG en recurso 7016/2022 e de data 19 de xullo de 2022, que consideran que é necesario a revisión de oficio como paso previo a aprobación do REC, cita outras en sentido contrario como a do TSX de Cataluña de 26 de xuño de 2020 (recurso 75/2018) que exprésase decindo que *“resulta evidente la sinrazón y la desproporción que supone remitir el pago a los proveedores al previo reconocimiento de revisión de oficio”*, e as da Audiencia Nacional de 17 de xaneiro de 2020 (recurso 61/2019) e de 6 de xuño de 2018 (recurso 1007/2016), especialmente esta última da que o citado autor di que *“la convalidación de gastos a través del reconocimiento extrajudicial como <un procedimiento excepcional dirigido a la compensación acudir el lugar (sic) en caso de obligaciones de pago comprometidas, a efectos de abonar las prestaciones realizadas tanto para evitar una reclamación de responsabilidad patrimonial, como para corregir en el enriquecimiento injusto..> (...) pero lo relevante es que ningún momento hace depender el reconocimiento extrajudicial -por más que excepcionalísimo- de una previa revisión de oficio del acto de contratación.”*. E culmina citando unha Sentenza do TS de data 13 de xuño de 2022 (recurso 5437/2020) na que se ben seguiu un procedemento de revisión de oficio previo, o TS manifesta que *“ante la realización de unas obras (..) al margen de un contrato (...) el ordenamiento jurídico admite diversas alternativas legales, por lo que la naturaleza indemnizatoria o contractual del pago deberá realizarse en atención a las circunstancias del caso”*.

2. O Consello Consultivo de Galicia considera o “REC como un procedemento de natureza presupuestaria dirixido a posibilitar el pago de un gasto para el que no se contemplaba dotación presupuestaria” e que “se mueve en un plano distinto del procedemento de revisión de oficio, concebido como forma de revocación por la Administración de sus propios actos por razones de legalidad”, e en concreto no seu informe facultativo 78/2023, de data 26 de abril de 2023, solicitado polo Concello de Cambre, a súas preguntas si (i) *se consideran susceptibles de revisión de oficio os supostos de contratacións sen crédito orzamentario ou con existencia de crédito pero sen cobertura contractual, ben por ter expirado o prazo de duración do contrato e a súas prórrogas, ben por ter contratado verbalmente fora dos casos permitidos polo ordenamento e prescindindo de toda formalidade procedemental, ou, en xeral, por ter sido celebrado o contrato concorrendo algunha causa de nulidade de pleno dereito e se* (ii) *si, no suposto dun contrato nulo de pleno dereito, a Administración pública, para proceder ao pago ao contratista polos traballos xa executados, debe previamente declarar a nulidade da contratación a través da canle da revisión de oficio ex artigos 41.1 da LCSP e 106 da LPAC, ó máximo órgano consultivo galego dixo:*

- a. *“No caso de que existindo un contrato ou actuación administrativa do que traia causa un crédito patrimonial dun particular contra á Administración, é dicir, que sirva de fundamento á realización por empresas ou particulares dunhas obras, prestación de servizos ou subministracións de bens, e ese contrato ou actuación administrativa se formalizara con carencia ou insuficiencia de crédito orzamentario, con falta total e absoluta do procedemento legalmente establecido ou, en xeral, incorrendo en calquera outra causa de nulidade de pleno dereito, como queira que esa situación fai presumir, de ser preceptiva, que mediou omisión da función interventora na contracción daquel crédito, será o órgano interventor o que deberá instar, se procede, o inicio do procedemento de revisión de oficio en función dos parámetros que se indican no artigo 28 do Real decreto 424/2017, do 28 de abril, sen prexuízo, calquera que fora o sentido do informe do órgano interventor, da improcedencia de declarar a nulidade de tal contrato a través do procedemento de revisión de oficio no caso de que a Administración considere que o exercicio da facultade de revisión resulta contrario á equidade, á boa fe, ao dereito dos particulares ou as leis”.*

As obrigas económicas deste REC responde por un lado (i) a axuda ao prezo do transporte público de viaxeiros polas mensualidades do mes de outubro e novembro de 2024 por importe total de 4.052.949,87 € e (ii) por cuotas de comunidades de propietarios nas que o concello ten propiedades por importe de 9.857,11 €. Atendendo ao criterio do ditamen do Consello Consultivo de Galicia 78/2023, non observamos ningunha especialidade ou singularidade nos servizos prestados e no pago de cuotas de comunidades de propietarios que recomenden acudir a unha revisión de oficio e declaración de nulidade previas á aprobación do REC. Non obstante, o Pleno pode optar, si así o considera máis correcto e seguro xurídicamente falando, por esa posibilidade de acudir a revisión de oficio e declaración de nulidade como paso previo a aprobación do REC. En todo caso, verificouse

que se incorpora ao expediente os documentos formais que esixe as Bases de Execución para aprobación do REC, e que é posible a súa aprobación polo Pleno porque así o habilita as propias bases de execución.

Non obstante todo o dito no parágrafo anterior debemos indicar que este órgano de control interno xa advertíu no noso informe a aplicación do desconto do 50% nas tarifas millenimum do transporte urbano de viaxeiros segundo o establecido no Real Decreto Lei 8/2023 do 27 de decembro que *“dedúcese que o crédito actualmente consignado no Orzamento 2024 aprobado definitivamente o 28.12.2023 será insuficiente para acometer todos os pagos ata fin de ano co que serían necesarias modificacións orzamentarias adicionais ás xeracións de crédito que se realicen coa achega do Ministerio”*. Polo que a pesar desta advertencia non se adoptaron medidas orzamentarias para poder dar cobertura os axudas ao prezo que se comprometían a finais do 2023.

Éste é un informe de control financeiro concomitante e non de fiscalización previa xa que o gasto xa está feito e executado, e o Pleno resolverá.

É o meu informe.

A Coruña, á data da sinatura electrónica.

O interventor xeral.

Intervent. Xeral

Asdo: Ángel David Murado Codesal.



Concello da Coruña

Área / Unidade PRESUPUESTOS Y ESTUDIOS ECONOMICOS SH0000 MTAG	Documento 36E19I00E3	
Código de verificación 	Expediente 36E/2025/13	
2H1C 272L 492X 5236 0SK0	Fecha 18-06-2025	

O concelleiro-secretario da Xunta de Goberno Local, de conformidade co artigo 126.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urgente celebrada o día 25 de xuño de 2025 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

CONCELLARÍA DE ECONOMÍA E PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA

Dirección da Área de Recursos Económicos e Dixitalización

Servizo de Orzamentos e Estudos Económicos

Expte. 36E/2025/13

Asunto: Aprobación do proxecto do expediente M1/2025, de concesión de suplementos de crédito, créditos extraordinarios e modificación do Anexo de Inversións do Orzamento do Concello da Coruña para o ano 2025.

Previa deliberación, **de conformidade co informe-proposta (CVS: 5S282O715D6C43190IIV) que consta no expediente** e do que se dará traslado, en todo caso, xunto coa certificación/notificación do presente acordo, **en canto serve de motivación ao mesmo**, de conformidade co artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de

El concejal-secretario de la Junta de Gobierno Local, de conformidad con el artículo 126.4 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local,

CERTIFICO:

Que la Junta de Gobierno Local en sesión extraordinaria y urgente celebrada el día 25 de junio de 2025 adoptó, entre otros, el siguiente acuerdo:

CONCEJALÍA DE ECONOMÍA Y PLANIFICACIÓN ESTRATÉGICA

Dirección del Área de Recursos Económicos y Digitalización

Servicio de Presupuestos y Estudios Económicos

Expte. 36E/2025/13

Asunto: Aprobación del proyecto del expediente M1/2025, de concesión de suplementos de crédito, créditos extraordinarios y modificación del Anexo de Inversiones del Presupuesto del Ayuntamiento de A Coruña para el año 2025.

Previa deliberación, **de conformidad con el informe-propuesta (CVS: 5S282O715D6C43190IIV) que consta en el expediente** y del que se dará traslado, en todo caso, junto con la certificación/notificación del presente acuerdo, **en cuanto sirve de motivación al mismo**, de conformidad con el artículo 88.6 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de



Concello da Coruña

procedemento administrativo común das administracións públicas, **por unanimidade**, en votación ordinaria, acórdase:

1. Aprobar o proxecto de expediente de modificación do estado de gastos do Orzamento 2025 (M1/2025), mediante concesión de dous créditos extraordinarios por importe de catro millóns sesenta e dous mil oitocentos seis euros con noventa e oito céntimos (4.062.806,98€) e un suplemento de crédito, por importe de trescentos vinte e catro mil cincocentos trinta e dous euros con setenta e dous céntimos (324.532,72€). Todo iso reflectido na listaxe denominada "Expediente M1/2025" que se incorpora ao expediente.
2. Aprobar o proxecto de modificación do estado de ingresos do orzamento 2025, incorporando catro millóns sesenta e dous mil oitocentos seis euros con noventa e oito céntimos (4.062.806,98€), de remanente líquido de Tesorería para gastos xerais procedente da liquidación do orzamento de 2024, no subconcepto 870.00.
3. Aprobar o proxecto de modificación do estado de ingresos do orzamento 2025, incorporando trescentos vinte e catro mil cincocentos trinta e dous euros con setenta e dous céntimos (324.532,72€), de remanente líquido de Tesorería para gastos con financiamento afectado procedente da liquidación do orzamento de 2024, no subconcepto 870.10.
4. Aprobar o proxecto de distribución do financiamento procedente de remanente líquido de Tesorería para gastos xerais e do remanente líquido de Tesorería para gastos con financiamento afectado, ambos da liquidación do orzamento de 2024 por importe total de catro millóns trescentos oitenta e sete mil trescentos trinta e nove euros con setenta céntimos (4.387.339,70€). Todo iso reflectido no listado "Expediente M1/2025. Financiamento".

de procedimientu administrativo común de las administraciones públicas, **por unanimidad**, en votación ordinaria, se acuerda:

1. Aprobar el proyecto de expediente de modificación del estado de gastos del Presupuesto 2025 (M1/2025), mediante concesión de dos créditos extraordinarios por importe de cuatro millones sesenta y dos mil ochocientos seis euros con noventa y ocho céntimos (4.062.806,98€) y un suplemento de crédito, por importe de trescientos veinticuatro mil quinientos treinta y dos euros con setenta y dos céntimos (324.532,72€). Todo ello reflejado en el listado denominado "Expediente M1/2025" que se incorpora al expediente.
2. Aprobar el proyecto de modificación del estado de ingresos del presupuesto 2025, incorporando cuatro millones sesenta y dos mil ochocientos seis euros con noventa y ocho céntimos (4.062.806,98€), de remanente líquido de Tesorería para gastos generales procedente de la liquidación del presupuesto de 2024, en el subconcepto 870.00.
3. Aprobar el proyecto de modificación del estado de ingresos del presupuesto 2025, incorporando trescientos veinticuatro mil quinientos treinta y dos euros con setenta y dos céntimos (324.532,72€), de remanente líquido de Tesorería para gastos con financiación afectada procedente de la liquidación del presupuesto de 2024, en el subconcepto 870.10.
4. Aprobar el proyecto de distribución de la financiación procedente de remanente líquido de Tesorería para gastos generales y del remanente líquido de Tesorería para gastos con financiación afectada, ambos de la liquidación del presupuesto de 2024 por importe total de cuatro millones trescientos ochenta y siete mil trescientos treinta y nueve euros con setenta céntimos (4.387.339,70€). Todo ello reflejado en el listado "Expediente M1/2025. Financiación".



Concello da Coruña

5. Aprobar o proxecto de modificación do Anexo de Investimentos do Orzamento de 2025, incorporando as alteracións que resultan da modificación de créditos orzamentarios que se realizan neste expediente, detalladas na listaxe que se incorpora ao mesmo titulado “Expediente M1/2025. Modificacións do Anexo de Investimentos”.
6. O proxecto de expediente unha vez aprobado someterase a aprobación inicial polo Pleno municipal por maioría simple dos membros presentes co dictame previo da Comisión informativa de Economía, Facenda, Planificación Urbana e Administración Xeral.
7. Facultar á alcaldesa para a adopción dos decretos que sexan necesarios para dar efectividade ao acordado.

E para que así conste aos efectos oportunos, expido a presente certificación na Coruña, na data de sinatura electrónica do presente documento, que asina xunto a min o Secretario Xeral do Pleno, Manuel José Díaz Sánchez, como funcionario accidental do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local e encargado das funcións de fe pública segundo a disposición adicional 8ª da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a reserva dos termos definitivos nos que quede redactada a acta.

O concelleiro-secretario da Xunta de Goberno Local

José Manuel Lage Tuñas

5. *Aprobar el proyecto de modificación del Anexo de Inversiones del Presupuesto de 2025, incorporando las alteraciones que resultan de la modificación de créditos presupuestarios que se realizan en este expediente, detalladas en el listado que se incorpora al mismo titulado “Expediente M1/2025. Modificaciones del Anexo de Inversiones”.*
6. *El proyecto de expediente una vez aprobado se someterá a aprobación inicial por el Pleno municipal por mayoría simple de los miembros presentes con el dictamen previo de la Comisión informativa de Economía, Hacienda, Planificación Urbana y Administración General.*
7. *Facultar a la alcaldesa para la adopción de los decretos que sean necesarios para dar efectividad a lo acordado.*

Y para que así conste a los efectos oportunos, expido la presente certificación en A Coruña, en la fecha de firma electrónica del presente documento, que firma junto a mí el Secretario General del Pleno, Manuel José Díaz Sánchez, como funcionario accidental del órgano de apoyo a la Junta de Gobierno Local y encargado de las funciones de fe pública según la Disposición adicional 8ª de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, a reserva de los términos definitivos en los que quede redactado el acta.

Confrontado e conforme, o Secretario Xeral do Pleno

Manuel José Díaz Sánchez



Concello da Coruña

Expediente M1/2025

AREA DE GOBERNO	DEPARTAMENTO	TIPO DE MODIFICACIÓN	APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE	CÓDIGO DE PROXECTO	VINCULACION	FINALIDADE ESPECÍFICA
SEGURIDADE CIDADÁ E INTERIOR	SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS	SUPLEMENTO DE CRÉDITO	11.136 .62400	Investimento novo material de transporte	324.532,72	2025 2 11 5	CUALITATIVA	Completar o proxecto nº de orde 18 do Anexo de Investimentos denominado "Vehículo de descontaminación con equipamento" financiado co importe correspondente ao exceso de contribucións especiais recadado en 2024 e aplicado ao código de proxecto 2024 8 FINAN 1
URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA	REHABILITACIÓN E VIVENDA	CRÉDITO EXTRAORDINARIO	30.1522.22691	Recoñecemento de crédito	9.857,11			Inexistencia de crédito para abonar facturas de comunidades de propietarios de pisos e garaxes municipais, anos 2022 e 2023, consonte o expediente de recoñecemento extraxudicial que se tramita conxuntamente
INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE	MOBILIDADE URBANA	CRÉDITO EXTRAORDINARIO	41.4411.48991	Recoñecemento de crédito	4.052.949,87			Inexistencia de crédito para abonar as facturas do transporte colectivo de viaxeiros durante outubro e novembro de 2024, consonte o expediente de recoñecemento extraxudicial que se tramita conxuntamente
				TOTAL XERAL	4.387.339,70			



Concello da Coruña

Expediente M1/2025. Financiamento

AREA DE GOBERNO	DEPARTAMENTO	TIPO DE MODIFICACIÓN	APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	SUP. CRÉD.	CRÉDITOS EXTRAORD.	IMPORTE	RLT XERAL	RLT GASTOS FINANCIAMENTO AFECTADO
SEGURIDADE CIDADÁ E INTERIOR	SERVIZO EXTINCIÓN DE INCENDIOS	SUPLEMENTO DE CRÉDITO	11.136 .62400	Investimento novo material de transporte	324.532,72		324.532,72		324.532,72
INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE	MOBILIDADE URBANA	CRÉDITO EXTRAORDINARIO	41.4411.48991	Recoñecemento de crédito		4.052.949,87	4.052.949,87	4.052.949,87	
URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA	REHABILITACIÓN E VIVENDA	CRÉDITO EXTRAORDINARIO	30.1522.22691	Recoñecemento de crédito		9.857,11	9.857,11	9.857,11	
					324.532,72	4.062.806,98	4.387.339,70	4.062.806,98	324.532,72



Concello da Coruña

Expediente M1/2025. Modificacións do Anexo de Investimentos

AREA DE GOBERNO	DEPARTAMENTO	TIPO DE MODIFICACIÓN	APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE	CÓDIGO DE PROXECTO	VINCULACIÓN	FINALIDADE ESPECÍFICA
SEGURIDADE E CIDADÁ INTERIOR	SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS	SUPLEMENTO DE CRÉDITO	11.136 .62400	Investimento novo material de transporte	324.532,72	2025 2 11 5	CUALITATIVA	Completar o proxecto nº de orde 18 do Anexo de Investimentos denominado "Vehículo de descontaminación con equipamento" financiado co importe correspondente ao exceso de contribucións especiais recadado en 2024 e aplicado ao código de proxecto 2024 8 FINAN 1



Concello da Coruña

Área / Unidad PRESUPUESTOS Y ESTUDIOS ECONOMICOS SH0000 MTAG	Documento 36E19I00EC	
Código de verificación 	Expediente 36E/2025/13	
4C2X 5E6M 6I4S 646G 0AJC	Fecha 25-06-2025	

Expediente M1/2025 de recoñecementos extraxudiciais de obrigacións, de concesión de suplementos de crédito, créditos extraordinarios e modificación do Anexo de Inversións do Orzamento 2025

Informe proposta

I. A regulación legal das modificacións orzamentarias atópase contida fundamentalmente os artigos 177 e seguintes do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (en diante, TRLRFL), así como na sección 2ª do capítulo II do Real decreto 500/1990, do 20 de abril (en diante, RD 500/1990). A Base 7ª das aprobadas para a execución do Orzamento de 2025 remítese ás normas legais vixentes para a tramitación dos expedientes de concesión de créditos extraordinarios e suplementos de crédito.

De acordo coas normas apuntadas, os créditos extraordinarios e suplementos de crédito son modificacións do orzamento de gastos, mediante os que se asigna ou incrementase crédito para a realización dun gasto específico e determinado que non pode demorarse ata o exercicio seguinte e para o que non existe crédito, no caso dos créditos extraordinarios, ou é insuficiente o existente, no caso dos suplementos de crédito. O seu financiamento pode realizarse con cargo ao remanente líquido de tesourería, con novos ou maiores ingresos recadados sobre os totais previstos no orzamento corrente, ou mediante anulacións ou baixas de créditos de gastos doutras aplicacións, non comprometidos e cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo.

Neste expediente M1/2025, modificativo de créditos do orzamento 2025, o financiamento do expediente que se propón realizarse mediante:

1. Remanente líquido de Tesourería para Gastos Xerais da liquidación de 2024, que pode utilizarse xa que, aínda que están reactivadas para 2025 as regras fiscais, o RLTXG vaise utilizar para atender as obrigacións que ten o Concello con terceiros provedores. O importe do RLTXG que financia este expediente M1/2025 é de catro millóns sesenta e dous mil oitocentos seis euros con noventa e oito céntimos (4.062.806,98€).
2. Remanente líquido de Tesourería para Gastos con financiamento afectado por importe de 324.532,72€, que na liquidación do Orzamento de 2024



Concello da Coruña

aparecen aplicados no código 2024/8/FINAN/1 (para o SEIS) e que corresponden a maiores ingresos recadados en 2024, no subconcepto de contribucións especiais, por maiores primas recadadas en 2023, en concepto de seguros de incendios e multirriesgo.

O destino do financiamento previsto no M1/2025 aparece especificado no cadro de financiamento que acompaña a este expediente.

Con RLTGX fináncianse os créditos extraordinarios para financiar os recoñecementos extraxudiciais de crédito.

Co RLTGFA finánciase o suplemento de crédito na aplicación 11.136.62400 para completar o financiamento do proxecto nº de orde 18 do Anexo de Investimentos, denominado "Vehículo de descontaminación con equipamento", financiado co importe correspondente ao exceso de contribucións especiais recadado en 2024 e aplicado ao código de proxecto 2024 8 FINAN 1.

As facturas da Compañía de Tranvías e a maioría das facturas das Comunidades de propietarios das vivendas municipais figuran ao peche de 2024 entre as obrigacións pendentes de aplicar (OPAs) ao orzamento do Concello. É o primeiro destino do RLTGX procedente da liquidación de 2024, despois de reservar o importe do superávit para dar cumprimento ao establecido na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Os créditos extraordinarios nas aplicacións 41.4411.48991 "Recoñecemento de crédito. Subvención transporte público de viaxeiros", por importe de 4.052.949,87€ e na 30.1522.22691 "Recoñecemento de crédito. Conservación da Edificación", por importe de 9.857,11€, habilitarán crédito para poder tramitar a totalidade das facturas, pendentes á data, da Compañía de Tranvías de 2024 e das Comunidades de Propietarios, correspondentes a prestacións de exercicios anteriores.

No pleno ao que se propón a aprobación destes créditos extraordinarios preténdese acordar a aprobación dos recoñecementos extraxudiciais. A aprobación dos recoñecementos extraxudiciais está condicionada á existencia de crédito, por tanto, condicionada á aprobación definitiva dos créditos extraordinarios incluídos nesta proposta.

II. O expediente M1/2025 de concesión de suplemento de crédito, créditos extraordinarios e modificación do anexo de Investimentos do Orzamento 2025, que se somete ao Pleno, vén acompañado da correspondente Memoria xustificativa, na que se ordena a incoación do expediente. Na devandita Memoria e na restante documentación que se une ao expediente, recóllense os aspectos mencionados no artigo 37.2 do RD 500/1990 (artigos 177 e 178 do TRLRHL), que establece como aplicables as normas sobre información, reclamacións e publicidade, recollidas nos artigos 20 e 22 do propio Real Decreto e 169 a 171 do TRLRFL.

O expediente M1/2025 de modificación do Orzamento de 2025, que foi aprobado pola Xunta de Goberno Local, de conformidade co establecido no art. 127 da Lei



Concello da Coruña

7/1985, do 2 de abril (modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local), vistos os informes obrantes no mesmo e previo ditame emitido pola Comisión informativa de Economía, Facenda, Planificación Urbana e Administración Xeral sométese a aprobación polo Pleno da Corporación. Unha vez producida a aprobación inicial por maioría simple dos membros presentes, o expediente haberá de expoñerse ao público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o propio Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se, durante o citado prazo, non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno dispoñerá dun prazo dun mes para resolvelas.

Aprobada definitivamente a modificación publicarase resumida por capítulos no BOP.

III. Conforme a normativa citada, formúlase ao Pleno da Corporación a seguinte:

Proposta de acordo:

1. Aprobar o expediente de modificación do estado de gastos do Orzamento 2025 (M1/2025), mediante concesión de dous créditos extraordinarios por importe de catro millóns sesenta e dous mil oitocentos seis euros con noventa e oito céntimos (4.062.806,98€) e un suplemento de crédito, por importe de trescentos vinte e catro mil cincocentos trinta e dous euros con setenta e dous céntimos (324.532,72€). Todo iso reflectido na listaxe denominada “Expediente M1/2025” que se incorpora ao expediente.
2. Recoñecer as obrigas procedentes de exercicios anteriores por importe de catro millóns sesenta e dous mil oitocentos seis euros con noventa e oito céntimos (4.062.806,98€). As obrigacións que se recoñecen necesitan a habilitación de crédito, polo que a eficacia do recoñecemento da obrigación queda condicionada á efectividade da modificación acordada no punto 1 deste Acordo. As obrigacións aparecen reflectidas no listado “Expediente M1/2025. Recoñecementos extraxudiciais de obrigacións sen dotación orzamentaria”.
3. Aprobar o expediente de modificación do estado de ingresos do orzamento 2025, incorporando catro millóns sesenta e dous mil oitocentos seis euros con noventa e oito céntimos (4.062.806,98€), de remanente líquido de Tesourería para gastos xerais procedente da liquidación do orzamento de 2024, no subconcepto 870.00.
4. Aprobar o expediente de modificación do estado de ingresos do orzamento 2025, incorporando trescentos vinte e catro mil cincocentos trinta e dous euros con setenta e dous céntimos (324.532,72€), de remanente líquido de Tesourería para gastos con financiamento afectado procedente da liquidación do orzamento de 2024, no subconcepto 870.10.
5. Aprobar a distribución do financiamento procedente de remanente líquido de Tesourería para gastos xerais e do remanente líquido de Tesourería para gastos con financiamento afectado, ambos da liquidación do orzamento de



Concello da Coruña

2024 por importe total de catro millóns trescentos oitenta e sete mil trescentos trinta e nove euros con setenta céntimos (4.387.339,70€). Todo iso reflectido no listado “Expediente M1/2025. Financiamento”.

6. Aprobar a modificación do Anexo de Investimentos do Orzamento de 2025, incorporando as alteracións que resultan da modificación de créditos orzamentarios que se realizan neste expediente, detalladas na listaxe que se incorpora ao mesmo titulado “Expediente M1/2025. Modificacións do Anexo de Investimentos”.
7. Facultar á Alcaldesa para a adopción dos decretos que sexan necesarios para dar efectividade ao acordado.

A Coruña, á data da firma dixital deste documento electrónico

Belén Blanco de Azpiazu

Xefa de Servizo de Orzamentos e Estudos Económicos

Emilio Álvarez-Miranda Luzárraga

Directora da área de Recursos Económicos e Dixitalización

Vº e pr,

José Manuel Lage Tuñas

Concelleiro responsable da área de Economía e Planificación Estratéxica



Concello da Coruña

Expediente M1/2025

AREA DE GOBERNO	DEPARTAMENTO	TIPO DE MODIFICACIÓN	APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE	CÓDIGO DE PROXECTO	VINCULACION	FINALIDADE ESPECÍFICA
SEGURIDADE CIDADÁ E INTERIOR	SERVIZO EXTINCIÓN DE INCENDIOS	SUPLEMENTO DE CRÉDITO	11.136 .62400	Investimento novo material de transporte	324.532,72	2025 2 11 5	CUALITATIVA	Completar o proxecto nº de orde 18 do Anexo de Investimentos denominado "Vehículo de descontaminación con equipamento" financiado co importe correspondente ao exceso de contribucións especiais recadado en 2024 e aplicado ao código de proxecto 2024 8 FINAN 1
